



Información sobre s Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre



A Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre naceu en 1979 coa finalidade de defender os intereses comúns dos asociados. Non persegue fins lucrativos, nin políticos, senón intereses xerais e comúns dos propietarios ou adxudicatarios das parcelas do Polígono do Tambre.

Actualmente no parque empresarial están instaladas arredor de 400 empresas, creando uns 6.500 empregos directos.

Servizos da Asociación



- Servizo de asistencia empresarial
- Información sobre aluguer e venda de naves e terreos
- Información a empresas que se implanten no Polígono
- Representación ante as Administracións Públicas
- Servizo de emprego
- Servizo de formación
- Servizo de información sobre axudas e subvencións.



O Centro Empresarial do Polígono do Tambre inagúrase o 15 de abril de 1998. A súa construción foi posible grazas a unha axuda concedida pola Consellería de Industria e Comercio e ás xestións realizadas pola Directiva ante SEPES para a compra dunha parcela de 3640 m2 sobre a que se asenta o complexo.

Trátase dun centro empresarial formado por tres edificios: un para a sede da propia asociación e dous para servizos auxiliares á actividade industrial, un destinado a cafetería-restaurante e outro a oficina bancaria.

Conta con salas de reunións, aulas de formación, aula de Tecnoloxías da Información das Comunicacións e salón de actos.



As empresas distribúense en tres zonas.

1. ZONA BOISACA que representa unha ampliación do Polígono Industrial do Tambre cara o sur
2. ZONA TAMBRE
3. ZONA COSTA VELLA enmarcado pola autovía de Lavacolla, a estrada da Coruña, o recinto feiral de Amio e o Polígono do Tambre



ZONA BOISACA



ZONA COSTA VELLA





COMUNICACIÓNS

Distancias, dende o Polígono do Tambre, ás principais cidades galegas:

Cidade	Distancia (km)
A Coruña	60 km
Ferrol	100 km
Lugo	131 km
Ourense	110 km
Pontevedra	65 km
Vigo	87 km
Aeroporto Lavacolla	7 km
Vilagarcía de Arousa, Zona Portuaria	40 km
Ferrocarril Santiago	2 km